



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Regulamento do subministro domiciliario de auga do Concello de Culleredo

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2012, aprobou inicialmente o Regulamento do servizo de auga potable deste Concello. Transcorridos os prazos sinalados nos artigos 49 b) e 65.2 da vixente Lei 7/85, sen presentarse alegación ou requirimento algún, enténdese definitivamente aprobado o texto que se publica como anexo e que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A N E X O

REGULAMENTO DO SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA DO CONCELLO DE CULLEREDO

En virtude das facultades conferidas polos artigos 4.la) e 49) da Lei 7 de 1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello de Culleredo, dítase o presente Regulamento regulador da prestación do servizo de abastecemento de auga dentro do termo municipal o que, con carácter supletorio, serán de aplicación os preceptos do Regulamento de servizos das corporacións locais e o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación.

CAPÍTULO I.-NORMAS XERAIS

ARTIGO 1.-OBXECTO.

O presente regulamento ten por obxecto regular o servizo de subministro domiciliario de auga potable que presta o Concello de Culleredo, e as relacións entre os abonados e a entidade subministradora que asume a xestión do mesmo no municipio de Culleredo.

ARTIGO 2.-NORMAS XERAIS.

Normativa aplicable:

O subministro domiciliario de auga potable axustarase a canto establece o presente regulamento, a o estipulado no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación, ós regulamentos e/o ordenanzas municipais, e á normativa básica estatal e autonómica vixentes en cada momento.

Ámbito de aplicación:

O presente regulamento será de obrigado cumprimento na totalidade do termo municipal de Culleredo, entendendo por tal aquela titularidade correspondente ó Concello de Culleredo.

ARTIGO 3.-COMPETENCIAS.

O abastecemento de auga a domicilio é un servizo público municipal en base ó establecido nos artigos 25 e 26 LRRL.

O Concello de Culleredo, prestará o servizo descrito no artigo primeiro do presente regulamento, en calquera das formas previstas nas normas de aplicación vixentes.

As instalacións do servizo son bens do dominio público municipal, na súa modalidade de bens de servizo público, correspondendo ó Concello de Culleredo a renovación, ampliación e mellora de estes bens mediante planes de inversións que tendan en todo momento a aumentar o caudal das augas destinadas ó servizo e mellorar a calidade das mesmas.

ARTIGO 4.-PARTES.

4.1. **ABONADO.**—Ós efectos do presente regulamento, entenderase por abonado o titular do dereito de uso da finca, local ou industria, ou o seu representante, que teña contratado o subministro de auga potable.

4.2. **TITULAR DO SERVIZO.**—O presente regulamento referirase ó titular do servizo cando a competencia unicamente sexa atribuíble ó Excmo. /Ilmo. Concello de Culleredo como titular do servizo, sen especificar se estamos ante xestión directa ou indirecta do servizo.

4.3. **XESTOR DO SERVIZO.**—Persoa natural ou xurídica, pública o privada, encargada da xestión do servizo nun termo municipal concreto.

4.4. **ENTIDADE SUBMINISTRADORA.**—No presente regulamento se falará con carácter xeral de “entidade subministradora” en aqueles casos nos que a competencia sexa igualmente atribuíble tanto ó titular do servizo como ó xestor do servizo, radicando a diferenza unicamente no modo de xestión (directa ou indirecta, tal e como se describe na lei) que se estableza nun momento determinado.

No modo de xestión indirecta, se entenderá como entidade subministradora ó titular do servizo para todo aquilo que non este cedido no contrato de xestión de servizo, en cuio caso se entenderá como xestor do servizo.

ARTIGO 5.-OBRAS DE AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO.

A execución das obras de ampliación, renovación ou calquera operación que se realice sobre as redes de abastecemento, se desenrolarán conforme ós requisitos consignados na normativa vixente en cada momento.

As omisións existentes en dita normativa técnica ou nos detalles que a acompañan, ou as descrições erróneas dos detalles que sexan manifestamente indispensables para levar a cabo o espírito ou intención exposta nela, o que, por uso e costume deben ser realizadas, non só non eximen da execución de ditos detalles de obra omitidos ou erroneamente descritos, senón que, polo contrario, estes deberán ser executados como si houberen sido completa e correctamente especificados.

ARTIGO 6.-RECEPCIÓN PÚBLICA DE INFRAESTRUTURAS DE ABASTECIMENTO.

Unha vez concluídas as obras, e solicitada a súa recepción por parte do promotor, a entidade subministradora emitirá un informe onde se fixe o grado de cumprimento da normativa técnica vixente, especificando, se as houbera, as anomalías detectadas.

Pola súa natureza inventariable, xunto á solicitude de recepción pública da nova infraestrutura debe acompañarse un estado de dimensións e características da obra executada que defina con detalle as obras realizadas tal como se encontran no momento da recepción.

O incumprimento dos requisitos de calidade dos materiais e/ou prescricións técnicas especificadas na normativa técnica vixente, será motivo suficiente para a non-recepción pública, parcial ou total, da infraestrutura da que forman parte.

A utilización de materiais non incluídos na normativa técnica local, deberá ser previamente xustificada a súa idoneidade polo xestor do servizo e aprobado por escrito polo titular do servizo.

ARTIGO 7.-ÁREA DE COBERTURA.

Se define como área de cobertura do titular do servizo as zonas nas que exista rede de distribución municipal, cando pola vía pública discorra condución ou canalización de auga potable a menos de 6 metros do punto de subministro e que permita efectuar as tomas e acometidas de xeito normal e regular.

CAPÍTULO II.-OBRIGACIÓNS E DEREITOS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA E DOS ABONADOS

ARTIGO 8.-OBRIGACIÓNS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA.

Con independencia de aquelas situacións que sexan obxecto dunha regulación especial neste regulamento, das que poidan derivarse obrigacións específicas para a entidade subministradora, esta terá as seguintes obrigacións:

De tipo xeral.—A entidade subministradora, cos recursos ó seu alcance e no ámbito da competencia que teña asumida, ven obrigada a distribuír e situar nos puntos de toma dos abonados a auga apta para consumo humano, con arranxo ás condicións que fixa este regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

Obrigación do subministro.—Dentro da área de cobertura, definida no artigo 7, a entidade subministradora está obrigada a conceder o subministro de auga a todo peticionario do mesmo, e á ampliación do subministro correspondente a todo abonado final que o solicite, nos termos establecidos no presente regulamento e nas condicións técnicas e económicas recollidas nas normas regramentarias vixentes.

Sen embargo, o xestor do servizo non estará obrigado a dar de alta como titular a un peticionario ó que, sendo á súa vez titular de outro contrato se lle suspendera o servizo do mesmo hasta que satisfaga as súas obrigacións anteriores cos recargos e gastos a que houbera lugar.

Potabilidade do auga.—A entidade subministradora está obrigada a garantir a potabilidade da auga, con arranxo ás disposicións sanitarias vixentes, hasta a chave rexistro, inicio da instalación interior do abonado.

Conservación das instalacións.—A entidade subministradora está obrigada a manter e conservar ó seu cargo, as redes e instalacións necesarias para o abastecemento, así como as acometidas hasta a chave de rexistro que contempla o apartado c) do artigo 15.

Regularidade na prestación dos servizos.—A entidade subministradora estará obrigada a manter a regularidade no subministro de auga.

En calquera caso, non lle serán imputables as interrupcións do servizo nos supostos indicados neste regulamento.

Garantía de presión ou caudal.—O titular do servizo velará, salvo no caso de avarías accidentais ou causas de forza maior, por manter na chave de rexistro as condicións de presión e caudal adecuadas ó uso doméstico do auga suministrada. O tempo en que non se manteñan as condicións habituais de subministro con motivo de avaría será o estritamente necesario para realizar a reparación da mesma.

No caso de que coas infraestruturas públicas existentes non sexa posible alcanzar ou garantir as condicións de presión e caudal demandadas polo abonado, este deberá dispoñer, ó seu cargo, as medidas que permitan alcanzalas (grupo de presión, depósito, etc.).

Se o motivo de que non sexa posible alcanzar ou garantir as condicións de presión e caudal demandadas polo abonado, é a insuficiente sección da acometida existente, este poderá solicitar, ó seu cargo, o aumento de sección da acometida.

Avisos.—A entidade subministradora está obrigada a manter un servizo de recepción de avisos, ó que os abonados ou usuarios poidan dirixirse para comunicar avarías ou recibir información.

Tarifas.—A entidade subministradora do servizo estará obrigada a aplicar ós distintos tipos de subministros que teña establecidos, as tarifas que, en cada momento, estean aprobadas pola autoridade competente.

ARTIGO 9.—DEREITOS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA.

Sen prexuízo de aqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse para a entidade subministradora, esta, con carácter xeral, terá os seguintes dereitos:

Inspección de instalacións interiores.—Á entidade subministradora, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente confira ós distintos órganos competentes da Administración Pública, asístelle o dereito a inspeccionar, revisar e intervir, coas limitacións que se establecen neste regulamento, as instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, se encontren ou poidan encontrarse en servizo ou uso.

Cobros por facturación.—Á entidade subministradora asístelle o dereito a percibir nas súas oficinas ou lugares destinados ó efecto, o importe das facturacións ou cargos que, regulamentariamente, formule ó abonado.

Equilibrio económico.—Á entidade subministradora asístelle o dereito a dispoñer dunha tarifa e/ou prezos suficiente para manter o equilibrio económico. Cando se prevea que dito equilibrio vaia quedar afectado, terá dereito a pedir unha nova tarifa ou prezos, ou no seu defecto, a correspondente compensación económica.

ARTIGO 10.—OBRIGACIÓN DO ABONADO.

Con independencia de aquelas situacións que sexan obxecto de una regulación especial neste regulamento, das que poidan derivarse obrigacións específicas para un abonado, estas terán, con carácter xeral, as obrigacións seguintes:

Pago de recibos e facturas.—En reciprocidade ás prestacións que recibe, todo abonado virá obrigado ó pago dos cargos que se lle formulen con arranxo ós prezos que teña aprobados en todo momento o titular do servizo, así como aqueles outros derivados dos servizos que se regulan neste regulamento.

En canto ós consumos de auga, esta obrigatoriedade de pago considerarase extensiva ós casos nos que os mesmos se orixinaran por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores.

A entidade subministradora poderá, sen prexuízo do exercicio das accións de orde civil ou administrativo que a lexislación vixente lle ampare, suspender o subministro ós seus abonados ou usuarios polo impago das facturacións dentro do prazo que teña establecido a tal efecto.

Conservación de instalacións.—Sen prexuízo do que a tal efecto establece o código técnico da edificación, todo abonado deberá utilizar de forma correcta as instalacións ó seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas na forma máis axeitada, e evitando o retorno á rede de posibles augas contaminantes, mantendo, ademais, intactos os precintos que garanten a non manipulación do contador e instalacións de acometida, no seu caso, así como as condicións idóneas para a toma de lecturas do mesmo.

A instalación interior comeza na chave de rexistro, situada esta ó final do ramal de acometida na vía pública e xunto ó inmovible. Constitúe o elemento diferenciador entre o titular do servizo e o abonado, en canto á conservación e delimitación de responsabilidades. Cando non exista este elemento, a delimitación de responsabilidades establececese no límite exterior do muro de fachada.

O abonado queda obrigado a manter o contador e as súas instalacións anexas en perfectas condicións de funcionamento e conservación, sendo responsable dos deterioros ou desperfectos, que por calquera causa a el imputables, poida experimentar o mesmo. A conservación de contadores non ampara os gastos de reparación e/ou substitución motivados por outra causa que non sexa consecuencia do seu normal uso.

Cando o contador sufra danos como consecuencia do mal estado ou a deficiente execución do armario onde se aloxa, a entidade subministradora poderá suspender o subministro hasta que se modifique a instalación e se alcancen as condicións mínimas de protección e illamento que permitan o normal uso e funcionamento do contador.

Facilidades para as instalacións e inspeccións.—Todo peticionario dun subministro, está obrigado a facilitar á entidade subministradora a colocación dos elementos precisos na propiedade obxecto do subministro, así como a permitir a entrada a aquela ó persoal autorizado por dito titular, que así o acredite, a fin de que poida efectuar cantas comprobacións están relacionadas co subministro.

Igualmente, está obrigado a ceder ó titular do servizo o uso dos locais, recintos ou arquetas necesarios para a instalación dos equipos de medida e elementos auxiliares adecuados en cada caso, incluídos os dispositivos necesarios para un sistema de telelectura de contadores de auga.

Derivacións a terceiros.—Os abonados non poderán, baixo ningún concepto, ceder de balde ou remuneradamente auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsables de toda defraudación que se produza no seu subministro, ben por si ou por calquera outra persoa que del dependa.

Avisos de avarías.—Os abonados deberán, en interese xeral e no seu propio, poñer en coñecemento do titular do servizo calquera avaría ou perturbación producida ou que, o seu xuízo, se puidera producir na rede xeral de distribución.

Usos e alcance dos subministros.—Os abonados están obrigados a utilizar a auga suministrada na forma e para os usos contratados.

Así mesmo, están obrigados a solicitar do Concello de Culleredo, a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións, que implique un aumento nos caudais de subministro, ou modificación no número dos receptores.

Notificación de baixa.—O abonado que desexe causar baixa no subministro estará obrigado a solicitar por escrito ó titular do servizo dita baixa indicando a data en que debe cesar o citado subministro, debendo abonar as débedas que teña pendentes.

Notificación de cambio de titularidade.—O abonado que use o subministro e este non estea ó seu nome (exceptuando casos de arrendamento), vén obrigado a notificalo á entidade subministradora na forma indicada no artigo 57 do presente regulamento.

Poderá, no seu caso, contratar o usuario con autorización bastante da propiedade.

Independencia de instalacións.—Cando nunha mesma finca exista xunto á auga de distribución pública auga doutra procedencia, o abonado virá obrigado a establecer redes e instalacións interiores por onde circulen ou se almacenen independentemente as augas, sen que exista posibilidade de que se mesturen as de unha e outra procedencia.

ARTIGO 11.—DEREITOS E DEBERES DOS ABONADOS.

Sen prexuízo de aqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse para os abonados, estes, con carácter xeral, terán os seguintes dereitos:

Potabilidade da auga.—A recibir nas súas instalacións auga apta para consumo humano que reúnan os requisitos establecidos nas disposicións vixentes e no presente regulamento.

Servizo permanente.—Á disposición permanente do subministro de auga potable, con arranxo ás condicións que se sinalen no seu contrato de subministro, sen outras limitacións que as establecidas no presente regulamento e demais disposicións aplicables. Ser informados, con antelación suficiente, salvo causa de forza maior dos cortes de servizos.

Facturación.—A que os servizos que reciba se lle facturen polos conceptos e cuantías vixentes en cada momento. Coñecemento das tarifas establecidas.

Periodicidade de lectura.—A que se lle tome pola entidade subministradora a lectura ó equipo de medida que controle o subministro, con unha frecuencia non superior a seis meses. Dispoñer dos contadores homologados e verificados para a medición dos seus consumos.

Periodicidade de facturación.—A que se lle formule a factura dos servizos que reciba, coa periodicidade fixada na ordenanza fiscal, así como a efectuar as reclamacións que considere pertinentes de acordo con este regulamento.

Contrato.—A que se lle formalice, por escrito, un contrato, no que se estipulen as condicións básicas do subministro, fixadas no artigo 53 do presente regulamento.

Execución de instalacións interiores.—Os abonados poderán elixir libremente o instalador autorizado que execute as instalacións interiores, así como o provedor do material, que deberá axustarse as prescricións técnicas regulamentariamente esixibles.

Reclamacións.—A formular reclamación contra a actuación do titular do servizo, o xestor do servizo ou os seus empregados, mediante os procedementos contemplados neste regulamento. Cando a reclamación se refira ó cumprimento das condicións do subministro de auga, o reclamante deberá acreditar a súa condición de titular do contrato de subministro, ou representante legal do mesmo.

Información.—A consultar todas as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación ó seu subministro; así como a recibir contestación por escrito das consultas formuladas por este procedemento. Igualmente, terá dereito, se así e solicitado polo peticionario, a que se lle informe da normativa vixente que é de aplicación.

DEBERES DOS ABONADOS

A utilización da auga con criterios de racionalidade e sostenibilidade.

A contribuír a evitar o deterioro da calidade das masas de auga e dos seus sistemas asociados.

A reparar as avarías nas instalacións das que sexan responsables.

Contribuír á recuperación dos custes de xestión da auga, incluídos os medio ambientais mediante o pago das tarifas establecidas e os cánones que se poidan establecer.

Facilitar o acceso ás súas instalacións, ós inspectores locais e administradores, ás instalacións relacionadas co uso da auga, nos termos establecidos no regulamento ou na ordenanza.

Cumprir todas as obrigacións dispostas neste regulamento e ordenanzas municipais.

CAPÍTULO III.—INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA

ARTIGO 12.—REDE DE DISTRIBUCIÓN.

A rede de distribución será o conxunto de tubarías e todos os seus elementos de manobra e control, que instalados dentro do ámbito territorial do titular do servizo, e en terreos de carácter público ou privado, previa constitución da oportuna servidume, conducen auga potable a presión, e da cal se derivan as acometidas para os abonados.

ARTIGO 13.—ARTERIA.

A arteria será aquela tubaría, e os seus elementos, da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse acometidas.

ARTIGO 14.—CONDUCCIONES VIARIAS.

Calificaranse como conducións viarias as tubarías da rede de distribución que discorren ó longo dunha vía pública ou privada, previa constitución da oportuna servidume, e das que se derivarán, no seu caso, as acometidas para os subministradores, bocas de rego, e tomas contra incendios.

ARTIGO 15.—ACOMETIDA.

Comprende o conxunto de tubarías e outros elementos que unen as conducións viarias coa instalación interior do inmovible que se pretende abastecer.

A acometida responderá ó esquema básico incluído na normativa técnica local e constará dos seguintes elementos:

a) Dispositivos de toma: encóntrase colocado sobre a tubaría da rede de distribución e abre o paso da acometida.

b) Ramal: é o tramo de tubaría que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

c) Chave de rexistro: estará situada no ramal de acometida na vía pública e xunto ó inmovible. Constitúe o elemento diferenciador entre o titular do servizo e o abonado, en canto á conservación e delimitación de responsabilidades. Cando non exista este elemento, a delimitación de responsabilidades se establece no límite exterior do muro de fachada.

ARTIGO 16.-INSTALACIÓNS INTERIORES DE SUBMINISTRO DE AUGA.

Entenderase por instalación interior de subministro de auga o conxunto de tubarías e os seus elementos de control, manobra e seguridade, posteriores á chave de rexistro no sentido da circulación normal do fluxo de auga. Cando non exista chave de rexistro, entenderase por instalación interior o conxunto de tubarías e os seus elementos de control, manobra e seguridade, posteriores ó límite exterior do muro de fachada ou no seu defecto a linde da parcela, no sentido normal do fluxo de auga.

Tubo de alimentación: é a conducción da instalación interior que enlaza a chave de paso co contador ou coa batería de contadores divisionarios.

CAPÍTULO IV.-INSTALACIÓNS INTERIORES

ARTIGO 17.-CONDICIÓNS XERAIS.

As instalacións interiores para o subministro de auga serán executadas por instalador autorizado pola respectiva Delegación Provincial da Consellería competente en materia de industria, e se axustarán a canto, ó efecto, prescribe o código técnico da edificación.

A conservación e mantemento destas instalacións, serán por conta e a cargo do titular ou titulares do subministro existente en cada momento.

ARTIGO 18.-MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES.

Os abonados dos servizos de abastecemento, estarán obrigados a comunicar ó titular do servizo calquera modificación que realicen na disposición, ou características das súas instalacións interiores.

ARTIGO 19.-FACULTAD DE INSPECCIÓN.

Sen prexuízo das facultades inspectoras dos Organismos da Administración, a entidade subministradora poderá inspeccionar as instalacións dos seus abonados, co fin de vixiar as condicións e forma en que estes utilizan o subministro.

CAPÍTULO V.-ACOMETIDAS

ARTIGO 20.-CONCESIÓN.

A concesión de acometida para subministro de auga potable, corresponde á entidade subministradora quen, en todos aqueles casos nos que concorran as condicións e circunstancias que se establecen neste regulamento, estará obrigado a outorgala con arranxo ás normas do mesmo.

O dimensionamento e a execución da acometida son competencia exclusiva do xestor do servizo.

ARTIGO 21.-CONDICIÓNS DA CONCESIÓN.

A concesión para unha acometida de subministro de auga estará supeditada a que se cumpran as condicións de abastecemento pleno, que se establecen seguidamente:

1. Que o inmovible a abastecer este situado na área de cobertura do abastecemento.
2. Que o inmovible que se pretende abastecer conte con instalacións interiores dispoñibles e adecuadas ás normas do presente regulamento.
3. Que o inmovible a abastecer dispoña de acometida para vertidos de auga residuais e pluviais, ou teña resolto o sistema de evacuación das mesmas, dispoñendo, neste caso, das autorizacións precisas para elo.
4. Que nas rúas ou prazas de carácter público que linden co inmovible, ou a que este de fachada, existan instaladas e en servizo, conducións públicas da rede de distribución de auga potable.

5. Que a condución que abastecerá ó inmovible se encontre en perfecto estado de servizo, e a súa capacidade hidráulica sexa suficiente para as necesidades do inmovible.

ARTIGO 22.-ACTUACIÓNS NA ÁREA DE COBERTURA.

Cando, dentro da área de cobertura definida no artigo 7 de este regulamento, se dean as condicións de abastecemento pleno e se formalizara a correspondente concesión de acometida, o xestor do servizo estará obrigado a realizar os traballos e instalacións necesarios para a posta en servizo da acometida o acometidas solicitadas.

En aqueles casos nos que dentro da área de cobertura non se dean as condicións de abastecemento pleno, o xestor do servizo poderá realizar, a petición do titular do mesmo e con cargo a este, as prolongacións, modificacións e/o reforzos das redes que sexan necesarios executar para atender as demandas solicitadas.

Calquera ampliación da rede de distribución municipal que soliciten los particulares a realizará o xestor do servizo con cargo a estes e las instalacións así executadas reverterán ó Concello de Culleredo unha vez que entren en funcionamento.

As actuacións que se realicen en interior de polígonos e urbanizacións de nova creación, dentro da área de cobertura, quedan exceptuadas das obrigacións e condicionantes que se establecen nos puntos anteriores deste artigo, e se regularán polo que se establece no seguinte.

ARTIGO 23.-URBANIZACIONES E POLÍGONOS.

Ós efectos deste regulamento, se entenderá por urbanizacións e polígonos aqueles conxuntos de terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación dunha infraestrutura viaria e de servizo entre as distintas parcelas ou solares en que se divide o terreo e destas coa zona edificada do casco urbano.

A concesión de acometida ou subministro para o polígono ou urbanización anteriormente definido ou para solares ou inmovibles situados en aquel, estará supeditada ó cumprimento previo das seguintes condicións:

a) As redes interiores de distribución e demais instalacións necesarias para o correcto abastecemento de auga a ditas urbanizacións ou polígonos, responderán a esquemas aprobados polo titular do servizo e o xestor do servizo e deberá definirse e dimensionarse en proxecto redactado por técnico competente, e aprobado polos servizos técnicos municipais, con suxeición ós regulamentos de aplicación e á normativa técnica local vixentes en cada momento, e por conta e a cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.

b) As obras e instalacións definidas no proxecto aprobado, así como as modificacións que, con autorización da entidade subministradora se introduzan durante o desenvolvemento das mesmas, se executarán na súa totalidade por conta e cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, baixo a dirección de técnico competente.

A entidade subministradora poderá esixir tanto no desenvolvemento das obras, como na súa recepción ou posta en servizo, cantas probas e ensaios estime convintes para garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade dos materiais previstos no proxecto, correndo os gastos derivados de ditas probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

En ningún caso estará autorizado o promotor ou o executor da urbanización ou polígono, para realizar as acometidas de abastecemento nos posibles edificios, solares ou parcelas de que se trate, sen a previa autorización da entidade subministradora e con formalización da correspondente concesión.

c) O enlace ou as mesmas, como consecuencia das novas demandas impostas polas urbanizacións, se fixarán por aquel e quedarán perfectamente delimitados no proxecto a que se fixo referencia no apartado a) deste artigo, e se executarán por conta da entidade subministradora e a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

A recepción pública das infraestruturas de abastecemento se realizará segundo o disposto no artigo 6 deste regulamento.

ARTIGO 24.-FIXACIÓN DE CARACTERÍSTICAS DE ACOMETIDA.

As características das acometidas, tanto no que respecta ás súas dimensións, compoñentes, tipo e calidade de súas materiais, como a su forma de execución e punto de conexión, serán determinadas pola entidade subministradora, de conformidade coa normativa vixente aplicable.

ARTIGO 25.-TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE ACOMETIDA.

A solicitude de acometida se fará polo peticionario, dirixida á entidade subministradora, no impreso normalizado que exista a tal efecto, e que será proporcionada polo titular do servizo ou empresa concesionaria no seu caso.

Á referida solicitude deberán de acompañar a seguinte documentación:

Persoas físicas	<ul style="list-style-type: none"> - 15. Fotocopia D.N.I. o N.I.E. do titular - 16. Fotocopia da escritura de propiedade o documento acreditativo de dispoñibilidade do inmoble: Nota simple, contrato de compra-venda - 17. Certificado de instalación emitido pola empresa instaladora e/o proxecto de execución debidamente visado. - 18. Licenzas municipais: licenza de obra, licenza de 1.ª ocupación... - 19. Titularidade de servidume, no seu caso. - 20. Número de conta bancaria (*) - 21. Xustificante de conexión á rede de saneamento ou autorización municipal de sistema de evacuación de augas residuais e pluviais
Persoas xurídicas	<ul style="list-style-type: none"> - 22. Fotocopia C.I.F. - 23. Fotocopia D.N.I. do representante legal. - 24. Documento acreditativo do poder de representación. - 25. Fotocopia da escritura de propiedade o documento acreditativo de dispoñibilidade do inmoble: nota simple, contrato de compra-venda... - 26. Certificado de instalación emitido pola empresa instaladora e/o proxecto de execución debidamente visado. - 27. Licenzas municipais: licenza de obra, licenza de 1.ª ocupación, licenza de apertura... - 28. Titularidade de servidume, en su caso. - 29. Número de conta bancaria (*) - 30. Xustificante de conexión á rede de saneamento ou autorización municipal de sistema de evacuación de augas residuais e pluviais
Comunidades de propietarios	<ul style="list-style-type: none"> - 31. Fotocopia C.I.F. da comunidade de propietarios. - 32. Fotocopia da acta de constitución da comunidade - 33. Fotocopia D.N.I. do representante legal. - 34. Documento acreditativo do poder de representación. - 35. Certificado de instalación emitido pola empresa instaladora e/ou proxecto de execución debidamente visado. - 36. Licenzas municipais: licenza de obra, licenza de 1.ª ocupación... - 37. Titularidade de servidume, en su caso. - 38. Número de conta bancaria (*) - 39. Xustificante de conexión á rede de saneamento ou autorización municipal de sistema de evacuación de augas residuais e pluviais

(*) Opcional.

Cando o considere necesario, a entidade subministradora poderá esixir calquera outra documentación que permita coñecer a entidade do subministro obxecto da solicitude, co único fin de analizar se concorren as condicións e circunstancias que se establecen neste regulamento, para outorgar a acometida con arranxo ás normas do mesmo, cumprindo en todo momento a defensa dos dereitos constitucionais e a normativa vixente.

Á vista dos datos que aporte o solicitante e das características do inmoble, e verificadas las condicións de abastecemento pleno, definidas no artigo 21, a entidade subministradora le notificará ó petionario a decisión de conceder ou denegar a acometida. En caso de concesión favorable, a entidade subministradora comunicará ó solicitante, nun prazo máximo trinta días naturais, as circunstancias ás que deberá axustarse a acometida, así como as condicións de concesión e execución. En caso de denegación, se comunicarán as causas da mesma.

O solicitante, disporá dun prazo de trinta días naturais para formalizar os requirimentos que lle foran formulados pola entidade subministradora, ou ben para presentar ante a mesma as alegacións que, no seu caso, estime. Transcorrido ese prazo sen que cumprimentara o regulamentado, se entenderá decaída a solicitude, sen máis obrigacións para a entidade subministradora.

ARTIGO 26.-OBXECTO DA CONCESIÓN DE ACOMETIDA.

As concesións de acometidas ás redes de distribución de auga potable se farán para cada inmoble que fisicamente constitúa unha unidade independente de edificación con acceso directo á vía pública.

A efectos de aplicación do regulamentado, considerase unidade independente de edificación ó conxunto de vivendas e/ou locais con portal común de entrada e oco común de escaleira, así como os edificios comerciais e industriais que pertencen a unha única persoa física ou xurídica, e nos que se desenvolva unha única actividade industrial ou comercial.

Os locais que están situados nas plantas inferiores da unidade independente de edificación, aínda cando non tiveran acceso común, deberán abastecerse da correspondente batería xeral de contadores do inmoble.

As acometidas de carácter temporal teñen por obxecto o subministro provisional de espectáculos temporais, actividades esporádicas en xeral, ou o abastecemento dunha obra pública, en tanto se dispoñen os medios para que se cumpran as condicións de abastecemento pleno ás que está supeditada a acometida de subministro definitiva.

As acometidas de carácter temporal terán unha duración máxima dun ano, prorrogables por períodos de seis meses a petición do titular da acometida temporal. Para as acometidas temporais de obra a duración non será superior ó prazo de vixencia da licenza municipal da mesma.

Non obstante o mencionado neste artigo, cando varias fincas gozan en réxime de comunidade o uso dun parque, central térmica, zona de recreo ou deportiva u outras instalacións, e a criterio da entidade subministradora en función dos caudais a subministrar, será preceptiva a existencia dunha acometida independente para estes servizos.

ARTIGO 27.-FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN E EXECUCIÓN DA ACOMETIDA.

Aceptadas polo solicitante as condicións da concesión, este deberá sufragar ó seu cargo todos os gastos de execución da acometida, así como os dereitos de acometida ou taxas correspondentes, segundo a ordenanza fiscal vixente.

As acometidas para o subministro de auga, serán executadas polo xestor do servizo, ou persoa autorizada por escrito por este, desta rede de distribución hasta a chave de rexistro e de conformidade con canto ó efecto se establece neste regulamento.

En caso que a execución material da acometida non sexa realizada polo xestor do servizo, será preceptivo para considerar formalizada a concesión, un informe favorable realizado por este, que verifique a correcta execución da acometida e segundo as condicións da concesión.

ARTIGO 28.-CONSERVACIÓN DE ACOMETIDAS.

A entidade subministradora correrá cos gastos de conservación e mantemento das acometidas hasta a chave de rexistro, incluíndo esta, e sendo o elemento diferenciador, en cuanto á conservación e delimitación de responsabilidades, entre o titular do servizo e o abonado. Cando no exista chave de rexistro, unicamente será responsabilidade da entidade subministradora a conservación e o mantemento das instalacións situadas dentro do dominio público, e polo tanto, se establece o límite de responsabilidades en muro exterior da fachada ou linde da finca.

A acometida e de xeito expresa a chave de toma en carga e de rexistro soamente poderá ser manipulada por persoal da entidade subministradora o autorizado por esta, non podendo o propietario do inmovible abastecido cambiar ou modificar o entorno, a situación ou os elementos da mesma, sen autorización expresa da entidade subministradora.

ARTIGO 29.-DEREITOS DE ACOMETIDA E COSTES DE ACOMETIDA.

Os dereitos de acometida ou taxa de conexión son as compensacións económicas establecidas na Ordenanza fiscal que garante o acceso ó servizo de abastecemento na área de cobertura mediante a simple realización da acometida correspondente, sempre que se cumpran as condicións recollidas no artigo 21.

Os dereitos de acometida se abonarán unha soa vez para cada acometida.

Os custes de acometida son as compensacións económicas que deberán satisfacer os solicitantes dunha acometida ó xestor do servizo, para sufragar os gastos ocasionados pola execución da acometida.

Os dereitos de acometida e as acometidas, quedarán adscritos a cada unha das instalacións, vivendas, locais, etc. (exceptuando as acometidas temporais), para os que se abonaron, aínda cando cambie o propietario ou usuario da mesma.

CAPÍTULO VI.-CONTROL DE CONSUMOS

ARTIGO 30.-EQUIPOS DE MEDIDA.

Sen prexuízo do establecido para cada caso polo código técnico da edificación, a medición dos consumos que han de servir de base para a facturación de todo o subministro se realizará por contador; que é o único medio que dará fe do consumo realizado.

Como norma xeral, para os inmovibles con acceso directo á vía pública, a medición de consumos se efectuará mediante:

- Contador único: cando o inmovible ou finca só exista unha vivenda ou local, en subministros provisionais para obras e en polígonos en proceso de execución de obras e en tanto non sexan recibidas as súas redes de distribución interior.
- Batería de contadores divisionarios: cando exista mais dunha vivenda ou local, será obrigatorio, instalar un aparato de medida para cada unha doas e os necesarios para os servizos comúns.
- Contador xeral: será obrigatorio para todos os casos nos que a instalación dispoña dun grupo de presión que sumistre a varios contadores divisionarios e en todos aqueles casos onde a entidade subministradora, considere necesario con cargo ó promotor ou á comunidade de propietarios no seu caso.

As anomalías detectadas polo contador xeral serán comunicadas ó usuario ou usuarios da mesma, quen estarán obrigados a subsanar os defectos existentes no prazo que se establece no artigo 63, apartado "n", deste regulamento.

- Contador comunitario: Para todo inmovible ou finca, que ademais dos contadores divisionarios dispoñen dun sistema de auga quente centralizada será obrigatorio dispoñer dun contador comunitario que rexistre este tipo de consumo.

ARTIGO 31.-DIMENSIONAMIENTO E FIXACIÓN DE CARACTERÍSTICAS DE EQUIPOS DE MEDIDAS.

O dimensionamento e fixación das características do contador ou contadores, así como a clase metrolóxica que deberá instalarse en cada caso, calquera que sexa o sistema de instalación seguido, será facultade da entidade subministradora, que o realizará á vista da declaración de consumo que formule o abonado na súa solicitude de subministro, e de conformidade co establecido nas normas técnicas municipais vixentes e no código técnico da edificación.

Todos os equipos de medida deberán cumprir o establecido no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos a medida.

ARTIGO 32.-PROPIEDAD DO CONTADOR.

Os contadores ou aparatos de medición que se instalen para medir ou controlar os consumos de auga de cada abonado, son propiedade do abonado.

O abonado deberá satisfacer para a súa primeira instalación o importe fixado nos cadros de prezos aprobados pola entidade subministradora.

ARTIGO 33.-OBRIGATORIEDADE DA VERIFICACIÓN.

O contadores en canto á súa verificación, deberán cumprir o disposto no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

ARTIGO 34.-PRECINTO OFICIAL E ETIQUETAS.

O laboratorio oficial ou autorizado, precintará todos aqueles contadores ou aparatos de medida ós que practicara unha verificación.

O precinto oficial colocado despois da verificación garante:

- 1.-Que o contador ou aparato de medida pertence a un sistema aprobado.
- 2.-Que funciona con regularidade.

Será obrigación do abonado a custodia do contador ou aparato de medida, así como o conservar e manter o mesmo en perfecto estado, sendo extensible esta obriga tanto ós precintos do contador como ás etiquetas de aquel. A responsabilidade que se derive do incumprimento desta obriga recaerá directamente sobre o abonado titular do subministro.

ARTIGO 35.-INSTALACIÓN DE CONTADORES.

Será competencia exclusiva da entidade subministradora o subministro e a instalación de todos os contadores, xa sexa por nova instalación, por renovación ou mantemento.

ARTIGO 36.-RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE CONTADORES.

Se entende por mantemento de contador a substitución por un novo equipo de medida de aqueles contadores que se encontren avariados durante o seu período de vida útil.

A entidade subministradora manterá os contadores con cargo ás tarifas vixentes.

Quedarán excluídos do mantemento establecido aqueles contadores cuxa avaría se producira polos seguintes motivos:

1. Xeadas.
2. Retornos de augas quentes.
3. Mano airada.
4. Situación inadecuada e/ou falta de protección.

Os gastos ocasionados como consecuencia da substitución e mantemento de contadores non cubertos pola tarifa, serán por conta do abonado e facturados pola entidade subministradora, podendo incluír este concepto na seguinte factura por consumo de auga que se emita.

Se entende por renovación de contador a substitución por un novo equipo de medida de aqueles contadores que superen a súa vida útil.

A entidade subministradora renovará os contadores con cargo ás tarifas vixentes.

ARTIGO 37.-LABORATORIOS OFICIAIS.

Se entende por laboratorios oficiais aqueles que teña instalados a comunidade autónoma para a comprobación, verificación e control dos contadores e outros equipos de medida, que se utilicen no subministro da auga.

ARTIGO 38.-LABORATORIOS AUTORIZADOS.

Independentemente dos laboratorios oficiais, coa mesma finalidade e a idénticos efectos, poderán establecerse outros laboratorios, que deberán contar coa autorización correspondente outorgada polo organismo da Administración con competencias na materia.

ARTIGO 39.-DESMONTAXE DE CONTADORES.

A conexión e desconexión do contador ou aparato de medida sempre serán realizados pola entidade subministradora, quen poderá precintar a instalación do mesmo, sendo a única autorizada para o seu desprecintado por motivos derivados da explotación.

Os contadores ou aparatos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

- 1.-Por Resolución organismo competente en materia de Industria que corresponda.
- 2.-Por extinción do contrato de subministro.
- 3.-Por avaría do aparato de medida cando non exista reclamación previa do abonado.
- 4.-Por renovación periódica, en función de canto ó efecto se establece neste regulamento, salvo que exista reclamación previa do abonado.
- 5.-Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparato instalado.
- 6.-Para a verificación do contador.

Cando, a xuízo da entidade subministradora, existan indicios claros de que o funcionamento do contador ou aparato de medida non é correcto, poderá proceder a desmontar o mesmo, instalando outro no seu lugar. Os consumos rexistrados polo aparato instalado en substitución do anterior, darán fe para a liquidación dos mesmos.

ARTIGO 40.-CAMBIO DE EMPLAZAMIENTO.

A instalación que servirá de base para a colocación dos contadores ou aparatos de medida, deberá ser realizada por instalador autorizado, por conta e a cargo do titular do inmovible, e en lugar que cumpra as condicións regramentarias.

Calquera modificación do emprazamento do contador ou aparato de medida, dentro de recinto ou propiedade a cuio subministro está adscrito, sempre serán a cargo da parte a cuia instancia se levara a cabo aquela. Non obstante, será sempre a cargo do abonado, toda modificación no emprazamento do contador ocasionada por calquera dos seguintes motivos:

- a) Por obras de reformas efectuadas polo abonado con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión o facilidade de substitución.
- b) Cando a instalación do contador non responda ás exigencias do código técnico de edificación, este regulamento ou da normativa técnica local, e se produza unha baixa e alta simultánea (cambio na titularidade) do subministro ou modificación das características de subministro do contrato.

ARTIGO 41.-MANIPULACIÓN DO CONTADOR.

O abonado ou usuario nunca poderá manipular o contador ou aparato de medida, nin conectar tomas ou facer derivacións antes do aparato, sen permiso expreso da entidade subministradora.

ARTIGO 42.-NOTIFICACIÓN Ó ABONADO.

Os datos do novo equipo de medida instalado, como mínimo o número de fabricación e lectura inicial, deberán ser comunicados ó abonado, ben mediante a inclusión destes datos no primeiro recibo expedido, ben mediante comunicación por escrito.

ARTIGO 43.-LIQUIDACIÓN POR VERIFICACIÓN.

Cando presentada reclamación se precise verificación do contador ou aparato de medida instalado, a entidade subministradora comunicará ós interesados a data na que será retirado o contador, o lugar no que se realizará a verificación e a fianza a depositar.

Rematada a verificación dun contador ou aparato de medida, a entidade subministradora notificará, no prazo de dez días, ás partes interesadas, o resultado da mesma.

Cando da verificación se comprobe que o contador funciona con erro positivo superior ó autorizado, a entidade subministradora procederá a determinar a cantidade que debe ser reintegrada, tendo en conta os consumos realmente efectuados, segundo as tarifas vixentes durante os meses a que deba retrotraerse a liquidación.

O tempo a que se refire o parágrafo anterior, se establecerá desde a data na que se instalou o contador, ou no que se practicou a última verificación do mesmo, hasta o día no que se efectuara a comprobación do erro nas súas indicacións. En ningún caso será superior a seis meses.

Si se comproba que o contador funciona irregularmente con distintas cargas, a liquidación da cantidade a devolver, no seu caso, pola entidade, se efectuará para un tempo igual ó determinado no parágrafo anterior, e estimando nese tempo un

consumo equivalente ó que se efectúe cun novo contador nos trinta días seguintes a súa colocación, o maior tempo se así o xulga oportuno a entidade subministradora en aras dunha maior representatividade da liquidación.

Cando durante o proceso de verificación se comprobase que un aparato foi manipulado con fines fraudulentos, o verificador levantará acta ós efectos de canto establece o artigo 90 deste regulamento.

ARTIGO 44.-GASTOS.

En xeral os gastos derivados das verificacións dos contadores o aparatos de medida correrán a cargo do propietario dos mesmos.

Cando a verificación sexa realizada a instancia de parte, os gastos que por todos os conceptos se orixinen da mesma serán a cargo do petionario, salvo no caso en que se demostre o anormal funcionamento do aparato e que o erro sexa favorable á outra parte.

Cando a verificación sexa solicitada polo abonado e previamente ó desmontaxe do contador, este deberá abonar nas oficinas da entidade subministradora a fianza estipulada para cubrir os custes de transporte e verificación do contador. No caso en que se demostre o anormal funcionamento do aparato na súa contra, o abonado poderá retirar a fianza unha vez que lle sexa notificado o resultado da verificación.

ARTIGO 45.-SUBSTITUCIÓN.

Cando por reparación, renovación periódica, e/ou verificación se teña que retirar un contador ou aparato de medida da instalación e non sexa inmediata a súa colocación, se procederá no seu lugar á instalación simultánea doutro contador ou aparato de medida, debidamente verificado, que será o que controle os consumos.

Este novo contador ou aparato de medida instalado será sempre propiedade do abonado.

CAPÍTULO VII.-CONDICIÓNS DO SUBMINISTRO DE AUGA

ARTIGO 46.-CARÁCTER DO SUBMINISTRO.

En función do uso que se faga do auga, o carácter do subministro se clasificará en:

a) Subministros para usos domésticos: Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender as necesidades primarias da vida.

Se aplicará esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivenda, sempre que non se realice actividade industrial, comercial ou profesional de ningún tipo. Quedan igualmente excluídos os locais destinados a cocheiras, aínda cando sexan de uso particular e para un solo vehículo, cando aqueles sexan independentes da vivenda.

b) Subministros para outros usos: Serán todos aqueles nos que a auga non se utilice para os fines expostos no apartado anterior.

En función do carácter do suxeito contratante do subministro, este se clasificará en:

b.1) **Subministros para usos comerciais.**—Se considerarán como tais todos aqueles subministros nos que a auga constitúa un elemento indirecto e non básico nunha actividade profesional, comercial, fabril ou industrial.

b.2) **Subministros para usos industriais.**—Se entenderán como tais todos aqueles subministros nos que a auga constitúa un elemento directo e básico, ou imprescindible, na actividade industrial ou comercial.

b.3) **Subministros para centros oficiais.**—Se entenderán como tais, os que se realicen para centros e dependencias do Estado e da Administración autonómica, local e provincial e dos seus organismos autónomos.

b.4) **Subministros para outros usuarios.**—Se considerarán como tais, aqueles non enumerados nos grupos 1), 2) e 3) deste mesmo apartado, tais como: abonados circunstanciais ou esporádicos por razón de feiras, etc.; concertos de subministro por aforo para un fin específico; convenios a tanto alzado e/o subministros para abonados cuxa actividade consista na prestación dun servizo de balde á sociedade xeral, no incluídos nos distintos apartados que anteceden.

ARTIGO 47.-SUBMINISTROS DIFERENCIADOS.

En todo caso, os locais comerciais ou de negocio que poidan existir en cada edificio, deberán dispoñer dun subministro independente.

ARTIGO 48.-SUBMINISTROS PARA SERVIZO CONTRA INCENDIOS.

As instalacións contra incendios no interior de edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requirirán o establecemento dun subministro de auga para este uso exclusivo e o cumprimento, a todos os efectos, das condicións que

este regulamento prescribe para as instalacións destinadas ó abastecemento ordinario, de conformidade cos seguintes criterios:

1.-Independencia das instalacións.—As instalacións contra incendios serán absolutamente independentes das destinadas a calquera outro fin, e delas non poderá efectuarse derivación algunha para outro uso.

Queda igualmente prohibido tomar auga de calquera elemento de estas instalacións, salvo no caso de incendio, sen a expresa autorización da entidade subministradora.

Todo sistema que constituía a instalación contra incendios, se alimentará a través de una acometida á rede pública de distribución independente á do subministro ordinario.

Cando a normativa específica de incendios esixa unha presión na instalación interior do abonado que non sexa a dispoñible no punto de acometida, será responsabilidade do abonado establecer e conservar os dispositivos de sobrelevación que lle permitan dar cumprimento á normativa específica antes citada.

2.-Contratación do subministro.—A conexión á rede pública de distribución dun subministro contra incendios, requirirá a formalización previa do contrato de subministro correspondente entre o titular do servizo e o abonado.

Ditos contratos terán a mesma tramitación e carácter que os de subministro ordinario e estarán, por tanto, suxeitos ás mesmas prescricións regulamentarias que aqueles. Non podendo realizarse consumos para outro fin distinto ó contratado.

CAPÍTULO VIII.—CONCESIÓN E CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO

ARTIGO 49.—SOLICITUD DE SUBMINISTRO.

Previo á contratación do subministro, o petionario deberá presentar unha solicitude de subministro no impreso que, a tal efecto, proporcionará a entidade subministradora.

Na mesma se fará constar o nome do solicitante, uso e destino que se pretende dar á auga solicitada, finca á que se destina e demais circunstancias que sexan necesarias para a correcta definición das características e condicións do subministro, así como para a aplicación das tarifas correspondentes á prestación do servizo. En dito impreso se fará constar, igualmente, a dirección á que deben dirixirse as comunicacións, cando non sexa a mesma á que se destine o subministro.

Cantas circunstancias se fagan constar na solicitude de subministro, que se regula anteriormente, se farán baixo a exclusiva responsabilidade do solicitante e servirán de base para regular as condicións do referido subministro.

Á solicitude de subministro, o petionario acompañará a documentación seguinte:

Persoas físicas	<ul style="list-style-type: none"> - 40. Fotocopia D.N.I. o N.I.E. do titular - 41. Fotocopia da escritura de propiedade o documento acreditativo de dispoñibilidade do inmovible: nota simple, contrato de compra-venta, contrato de arrendamento - 42. Certificado de instalación emitido pola empresa instaladora - 43. Licenzas municipais: licenza de obra, licenza de 1.ª ocupación... - 44. Titularidade de servidume, en su caso. - 45. Número de conta bancaria (*) - 46. Autorización de vertidos para augas residuais e pluviais (en su caso)
Persoas xurídicas	<ul style="list-style-type: none"> - 47. Fotocopia C.I.F - 48 Fotocopia D.N.I. do representante legal. - 49 Documento acreditativo do poder de representación. - 50 Fotocopia da escritura de propiedade o documento acreditativo de dispoñibilidade do inmovible: Nota simple, contrato de compra-venta, contrato de arrendamento - 51 Certificado de instalación emitido pola empresa instaladora - 52. Licenzas municipais: licenza de obra, licenza de 1.ª ocupación, licenza de apertura... - 53. Titularidade de servidume, en su caso. - 54. Número de conta bancaria (*) - 55. Autorización de vertidos para augas residuais e pluviais (en su caso)
Comunidades de propietarios	<ul style="list-style-type: none"> - 56. Fotocopia C.I.F da comunidade de propietarios. - 57. Fotocopia da acta de constitución da comunidade - 58. Fotocopia D.N.I. do representante legal. - 59. Certificado de instalación emitido pola empresa instaladora - 60. Documento acreditativo do poder de representación. - 61. Licenzas municipais: licenza de obra, licenza de 1.ª ocupación... - 62. Titularidade de servidume, en su caso. - 63. Número de conta bancaria (*) - 64. Xustificante de conexión á rede de saneamento ou autorización municipal de sistema de evacuación de augas residuais e pluviais

(*) Opcional.

ARTIGO 50.-CONTRATACIÓN.

A partir da solicitude dun subministro, a entidade subministradora comunicará por escrito o estudo das condicións técnico-económicas para realizar o mesmo.

O solicitante, unha vez recibida a notificación das condicións técnico-económicas, disporá dun prazo de trinta días para a formalización do contrato. Transcorrido ese prazo sen que se formalice, se entenderá decaída a solicitude, sen mais obrigacións para a entidade subministradora.

Se entenderá que dito contrato ou póliza de subministro non estará perfeccionado mentres o solicitante no cubra as obrigacións económicas, técnicas e administrativas que, de acordo co presente regulamento e o código técnico de edificación, estivese obrigado a sufragar o cumprimentar.

Unha vez satisfeitas todas as obrigacións económicas e cumprimentados os requisitos correspondentes polo solicitante, a entidade subministradora estará obrigada á instalación do contador e á posta en servizo da instalación e subministro.

ARTIGO 51.-CAUSAS DE DENEGACIÓN DO CONTRATO.

A facultade de concesión do subministro de auga corresponde á entidade subministradora, con suxeición a las normas regramentarias vixentes.

Sen prexuízo de tal facultade, o xestor do servizo poderá denegar a contratación do subministro nos seguintes casos:

1.-Cando a persoa o entidade que solicite o subministro se negue a asinar o contrato estendido de acordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre contratación do subministro de auga, o cando non presente a documentación preceptiva o non efectúe os pagos correspondentes.

2.-Cando na instalación do petionario non se cumpriran, a xuízo da entidade subministradora e previa comprobación, as prescricións que con carácter xeral establece a normativa vixente, así como as especiais do xestor do servizo. Neste caso, a entidade subministradora sinalará os defectos encontrados ó petionario, para que os corrixa, remitindo, en caso de discrepancia, comunicación dos reparos formulados ó titular do servizo, o cal, previa as actuacións que considere oportunas e, en todo caso, despois de oír ó instalador, ditará a resolución que proceda no prazo máximo de trinta días.

3.-Cando non dispoña de acometida para o subministro de auga o non reúna as características técnicas adecuadas segundo a normativa vixente.

4.-Cando non conte con autorización de vertido para as augas residuais e pluviais.

5.-Cando se comprobe que o petionario do subministro, deixou de satisfacer o importe do subministro de auga anteriormente.

6.-Cando para o inmovible para o que se solicita o subministro exista outro contrato de subministro anterior e en plena vixencia.

7.-Cando polo petionario do subministro non se acreditara fehacientemente a obtención das autorizacións de terceiros que correspondan ou, no seu caso, establecemento das servidumes, con inscrición rexistral, que sexan necesarias para levar a cabo as obras e instalacións para a prestación dos servizos solicitados.

8.-Cando non se liquidara previamente o contrato por subministro de obra.

ARTIGO 52.-GASTOS DE INSTALACIÓN DO CONTADOR.

Os gastos de instalación de contador son as compensacións económicas que deberán satisfacer os solicitantes á entidade subministradora, para sufragar os gastos ocasionados polo subministro e instalación do contador e os elementos anexos.

Estas cantidades poderán ser incluídas na primeira factura expedida posteriormente á posta en servizo.

ARTIGO 53.-CONTRATO DE SUBMINISTRO.

A relación entre a entidade subministradora e o abonado virá regulada polo contrato de subministro ou póliza de abono.

O contrato de subministro será o único documento que dará fe da concesión do mesmo, e xunto ás condicións establecidas no presente regulamento, así como ás que se deriven das normas técnicas implantadas, regulará as relacións entre a entidade subministradora e o abonado. Dito contrato se formalizará por escrito e por duplicado, debendo entregar un exemplar cumprimentado ó abonado, e no mesmo se deberán recoller, como mínimo, os seguintes datos:

a) Identificación do representante (cando o solicitante non sexa o titular):

- Nome e apelidos
- D.N.I. o C.I.F.

- Razón da representación
- b) Identificación do abonado:
- Nome e apelidos ou razón social.
 - D.N.I. o C.I.F.
 - Domicilio (cando sexa distinto ó do inmovible abastecido).
 - Teléfono
- c) Datos de cobro:
- Nome e apelidos ou razón social.
 - D.N.I. o C.I.F.
 - Domicilio (cando sexa distinto ó do inmovible abastecido).
 - Teléfono
 - Datos bancarios (en caso de domiciliación)
- d) Identificación do titular do servizo:
- Razón social
 - C.I.F.
 - Domicilio
 - Poboación
 - Teléfono
- e) Identificación do xestor do servizo:
- Razón social
 - C.I.F.
 - Domicilio
 - Poboación
 - Teléfono
- f) Datos da finca abastecida:
- Dirección
 - Piso, letra, escaleira, etc.
 - Localidade
 - Número total de vivendas
 - Teléfono
 - Outras referencias (p.ex. referencia catastral)
- g) Características do subministro/contrato:
- Tipo de subministro
 - Código de subministro/póliza
 - Tarifa
 - Equipo de medida
 - Tipo e calibre do equipo de medida
 - Diámetro de acometida
 - Duración do contrato
 - Código CNAE (para usos industriais ou comerciais)
- h) Características da instalación interior:
- Referencia do boletín do instalador autorizado.

i) Condicións económicas:

- Dereitos de acometida
- Fianza
- Cargos por outros conceptos

x) Duración do contrato:

- Temporal
- Indefinido

k) Condicións especiais.

l) Xurisdición competente.

m) Lugar e data de expedición do contrato.

n) Firmas das partes.

ARTIGO 54.-CONTRATOS A EXTENDER.

Os contratos se establecerán para cada tipo de subministro, sendo, por tanto, obrigatorio estender contratos separados para todos aqueles que esixan aplicación de tarifas o condicións diferentes.

ARTIGO 55.-SUXETOS DO CONTRATO.

Os contratos de subministros se formalizarán entre a entidade subministradora e o titular do dereito de uso da finca, local ou industria a abastecer, ou por quen o represente.

ARTIGO 56.-TRASLADO E CAMBIO DE ABONADOS.

Os traslados de domicilios e a ocupación do mesmo local por persoa distinta da que os seus escribiu ou contratou, esixen novo contrato, ou no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran os requisitos establecidos neste regulamento.

ARTIGO 57.-BAIXA E ALTA SIMULTÁNEA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

Nos casos de baixa e alta simultánea (cambio de titularidade) da finca ou local abastecido, titular inicial e o novo titular deberán comunicar conxuntamente á entidade subministradora e no prazo dun mes o cambio habido. O incumprimento deste precepto poderá ser causa de suspensión do subministro en base ó disposto no apartado b) do artigo 63 do presente regulamento.

Así mesmo o novo titular que no prazo de 30 días non notifique á entidade subministradora o cambio habido será responsable solidario dos impagos xerados hasta a data de comunicación do cambio.

Para realizar a baixa e alta simultánea (cambio de titularidade) deben estar ó corrente de pago todos os recibos do titular inicial e a instalación deberá cumprir o establecido no código técnico de edificación e a normativa técnica local. O novo titular deberá satisfacer a taxa de cambio de titularidade vixente en cada momento.

ARTIGO 58.-SUBROGACIÓN.

A subrogación é a variación do titular do contrato na que o novo titular asume os dereitos e obrigacións establecidas en dito contrato. Calquera persoa poderá subrogarse nun contrato de subministro, asumindo todas as obrigacións e dereitos do contrato, sempre que o titular anterior no se dera de baixa e permanezan as mesmas condicións, existindo conformidade entre ambos.

A subrogación nos contratos de arrendamento producirá a subrogación na concesión, acreditando tal extremo.

Nos casos de nulidade matrimonial, separación xudicial ou divorcio, o cónxuxe poderá subrogarse na concesión, cando lle sexa atribuído o inmovible, acreditando tal extremo mediante a correspondente resolución xudicial.

Os herdeiros poderán subrogarse no contrato coa simple comunicación á entidade subministradora e acreditando a súa condición de tais.

Toda concesión será anexa a unha finca ou servizo e a toma de auga anexa á concesión.

Para realizar a subrogación a instalación deberá cumprir o establecido no código técnico de edificación e a normativa técnica local.

ARTIGO 59.-OBJECTO E ALCANCE DO CONTRATO.

Os contratos de subministro se formalizarán para cada vivenda, piso, local, industria u obra que constitúa unha unidade independente, aínda que pertencen ó mesmo propietario e sexan contiguas.

Cada subministro quedará adscrito ós fines para os que se concedeu, quedando prohibido dedicalo a outros fines ou modificar o seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, no seu caso, o contrato conseqüente.

ARTIGO 60.-PLURALIDAD DE CONTRATOS NUN INMOBLE.

No caso dos inmobles e instalacións comerciais xa existentes cuio subministro se realice a través dun único contador xeral e corresponda a todo o inmovible ou local comercial un único contrato e non existan contratos individuais para cada vivenda, local ou dependencia, se aplicarán sobre o citado contrato tantas cotas fixas como vivendas, locais ou dependencias existentes que teñan subministro de auga potable.

ARTIGO 61.-DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato de subministro se subscribirá por tempo indefinido, salvo estipulación expresa con outro carácter. Sen embargo, o abonado poderá dalo por terminado en calquera momento, sempre que comunique esta decisión á entidade subministradora cun mes de antelación, debendo abonar neste caso os recibos pendentes de pago e os gastos que se ocasionen pola baixa do servizo.

Os subministros para obras, espectáculos temporais en locais móbiles, e en xeral, para actividades esporádicas, se contratarán sempre por tempo definido que expresamente figurará no contrato.

Os contratos con duración determinada poderán prorrogarse a instancia do titular do subministro, por causa xustificada e con expreso consentimento da entidade subministradora, e tras a aportación das licenzas municipais que acrediten a prórroga do contrato.

ARTIGO 62.-CLÁUSULAS ESPECIAIS.

As cláusulas especiais que poidan consignarse nos contratos de subministro, no conterán condición algunha contraria ós preceptos deste regulamento, ni ós do código técnico da edificación, ni a outra calquera disposición aprobada sobre a materia que lle sexa de aplicación.

ARTIGO 63.-CAUSAS DE SEUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO.

A entidade subministradora poderá, sen prexuízo do exercicio das accións de orden civil o administrativo que a lexislación vixente lle ampare, suspender o subministro ós seus abonados ou usuarios nos casos seguintes:

a) Polo impago dunha factura de calquera concepto contemplado neste regulamento, dentro do prazo establecido ó efecto. Neste caso expresamente quedan incluídos os impagos de facturacións dos contadores xerais que ademais de servir para detectar posibles anomalías, rexistren consumos de servizos comúns no medidos por contadores divisionarios, aínda que se encontren ó corrente de pago os contadores divisionarios abastecidos por dichos contadores xerais.

b) Cando un usuario goce do subministro sen contrato escrito ó seu nome que o ampare e se negue a súa subscrición a requirimento da entidade subministradora.

c) Por falta de pago no prazo de quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude o no caso probado de reincidencia no mesmo.

d) En todos os casos no que o abonado faga uso da auga que se lle suministre en forma ou para usos distintos dos contratados.

e) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións no súa instalación para subministro de auga a outras fincas, locais ou vivendas diferentes ós consignados no seu contrato de subministro.

f) Cando polo persoal da entidade subministradora se encontren derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato algún, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso a entidade subministradora poderá efectuar o corte inmediato do subministro de auga en tais derivacións.

g) Cando o abonado non permita a entrada no local a que afecta o subministro contratado, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado pola entidade subministradora e provisto do seu correspondente documentación de identidade, trate de revisar as instalacións.

h) Cando o abonado non cumpra, en calquera dos seus aspectos, o contrato que teña establecido co titular do servizo ou as condicións xerais de utilización do servizo.

i) Cando nos subministros nos que o uso da auga ou disposición das instalacións interiores, puidera afectar á potabilidade da auga na rede de distribución, hasta que, polos abonados se tomen as medidas oportunas en evitación de tais situacións; en tal caso a entidade subministradora poderá realizar o corte inmediato do subministro.

x) Pola negativa do abonado a modificar o rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando elo fora preciso para substituír o contador por calquera das causas que autoriza este regulamento.

k) Cando o contador sufra danos como consecuencia do mal estado ou a deficiente execución do armario onde se aloxa, a entidade subministradora poderá suspender o subministro hasta que se modifique a instalación e se alcancen as condicións mínimas de protección e illamento que permitan o normal uso e funcionamento do contador.

l) Cando o abonado mesture augas doutra procedencia e requirido pola entidade subministradora para que anule esta anomalía, non a leve a efecto no prazo máximo de 15 días.

m) Cando durante doce meses persista a imposibilidade de tomar a lectura dentro do réxime normal establecido ó efecto, por causas imputables ó abonado, o Concesionario, poderá suspender, transitoriamente, o subministro, hasta tanto o abonado acceda a modificar, á seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, de forma que no dificulte o acceso ó mesmo para poder tomar a lectura.

n) Por negligencia do abonado respecto da reparación de avarías nas súas instalacións si, unha vez notificado por escrito do titular/xestor do servizo, transcorre un prazo superior a sete días sen que a avaría fose subsanada.

o) Cando se trate dun subministro para o servizo contra incendios, o impago das facturacións dentro do prazo establecido, contado desde notificación fehaciente ó abonado das cantidades endebedadas, dará lugar á suspensión dos subministros de que dispoña o inmovible.

p) Cando o abonado non realice a renovación da licenza de vertidos.

l) Cuando durante doce meses persista la imposibilidad de tomar la lectura dentro del régimen normal establecido al efecto, por causas imputables al abonado, la Entidad Suministradora, podrá suspender, transitoriamente, el suministro, hasta tanto el abonado acceda a modificar, a su cargo y por su cuenta, la instalación del equipo de medida, de forma que no dificulte el acceso al mismo para poder tomar la lectura.

Por negligencia del abonado respecto de la reparación de averías en sus instalaciones si, una vez notificado por escrito del titular del servicio / concesionario, transcurriese un plazo superior a siete días sin que la avería hubiese sido subsanada (recordatorio contadores clase A art. 32).

Cuando se trate de un suministro para el servicio contra incendios, el impago de las facturaciones dentro del plazo establecido, contado desde la notificación fehaciente al abonado de las cantidades adeudadas, dará lugar a la suspensión de los suministros de que disponga el inmueble.

Por revocación de la autorización de vertidos de aguas residuales o pluviales.

ARTIGO 64.-PROCEDIMENTO DE SUSPENSIÓN.

Con excepción dos casos de corte orixinados polas causas dos apartados a), b) e c) do artigo anterior e dos casos de corte inmediato previstos neste regulamento, o xestor do servizo deberá dar conta ó titular do servizo e ó abonado por correo certificado, considerándose que queda autorizado para a suspensión do subministro se non recibe orden en contrario do titular do servizo no termo de quince días hábiles, contados a partir da data en que se deu conta dos feitos, salvo que o solicitado non se axustara a dereito.

Nos casos de casos de corte orixinados polas causas dos apartados a), b) e c) do artigo anterior a entidade subministradora deberá dar conta ó abonado por correo certificado, podendo efectuar a suspensión do subministro no termo de quince días hábiles, contados a partir da data en que se deu conta dos feitos, e sempre e cando neste período non se subsanen as causas que orixinaron a apertura do procedemento de suspensión.

Se considerará realizada de forma efectiva a comunicación previa desde data de envío por correo certificado á dirección sinalada polo titular a efecto de notificacións.

Á notificación do corte de subministro, incluirá, como mínimo, los seguintes puntos:

- Nome e dirección do abonado.
- Identificación da finca abastecida.
- Detalle da razón que orixina o corte.
- Dirección, teléfono e horario das oficinas comerciais do xestor do servizo en que poidan subsanarse las causas que orixinaron o corte.

A suspensión do subministro de auga por parte do xestor do servizo, salvo nos supostos de corte inmediato, non poderá realizarse en días festivos ou días no que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ó público, a efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vésperas do día en que se den algunhas de estas circunstancias.

As reclamacións no paralizan o procedemento de suspensión.

O restablecemento do servizo se realizará polo xestor do servizo o mesmo día ou, no seu defecto, ó seguinte día hábil en que sexan subsanadas as causas que orixinaron o corte de subministro, unha vez sufragados todos os gastos ocasionados pola suspensión e reconexión do subministro, incluíndo os gastos administrativos e de xestión ocasionados.

En ningún caso se poderán percibir os importes destes gastos se non se efectúa o corte do subministro.

No caso de corte por falta de pago, se no prazo de tres meses, contados desde data de corte, non se pagan polo abonado os recibos pendentes, se dará por rematado o contrato sen prexuízo dos dereitos da entidade subministradora á esixencia do pago da débeda e ó resarcimento dos danos e prexuízos a que houbera lugar.

O xestor do servizo non terá responsabilidade algunha sobre calquera prexuízo que se poida irrogar por causa de corte de auga motivado polas causas dos apartados a), b), c) ou calquera outra medida regramentaria, en particular, nos supostos de avaría, rotura da rede ou falta de dispoñibilidade de auga o tarefas ineludibles de conservación e servizo .

ARTIGO 65.-EXTINCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO.

O contrato de subministro de auga se extinguirá, sen prexuízo das accións de suspensión de subministro por calquera das causas seguintes:

1.-A petición do abonado.

2.-Por resolución da entidade subministradora, nos seguintes casos:

a) Por persistencia durante mais de tres meses en calquera das causas de suspensión de subministro reguladas no artigo 66 deste regulamento.

b) Por cumprimento do termo ou condición do contrato de subministro.

c) Por utilización do subministro sen ser o titular contractual do mesmo.

3.-Por resolución do titular do servizo previa audiencia do interesado, a petición do xestor do servizo nos seguintes casos:

a) Por uso dos ocupantes da finca abastecida ou condicións das súas instalacións interiores, que entrañen perigosidade na seguridade da rede, potabilidade da auga ou danos a terceiros, sempre que estas non sexan subsanables.

b) Por incumprimento, por parte do abonado, do contrato de subministro o das obrigacións que del se deriven.

c) Por cambio no uso dos servizos e instalacións para os que se contratou o servizo así como por demolición, ampliación ou reforma da finca para a que se contratou o subministro.

Non habendo resolución expresa do titular do servizo, se considerará positiva transcorridos dous meses desde que foi solicitada a petición, salvo que o solicitado polo xestor do servizo non se axustara a dereito.

A reanudación do subministro despois de extinguirse o contrato por calquera das causas sinaladas anteriormente, so poderá efectuarse mediante solicitude de novo contrato e pago dos dereitos correspondentes.

CAPÍTULO IX.-REGULARIDAD NO SUBMINISTRO

ARTIGO 66.-GARANTÍA DE PRESIÓN E CAUDAL.

A entidade subministradora está obrigada, salvo no caso de avarías accidentais ou causas de forza maior, a manter na chave de rexistro as condicións de presión e caudal adecuadas ó uso domestico da auga suministrada.

